

# RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

Letras Galegas 2009

Nace en Armea, o 31 de maio do 1.915, unha fermosa aldea de Láncara, na comarca de Sarria (Lugo); o mesmo concello berce de Fidel Castro.



Desprázase con nove anos á cidade de Lugo onde fai os seus estudos de Bacharelato.



De regreso en Armea, amais de comezar, aínda mozo a escribir, durante meses traballa na agricultura co seu pai.



Regresa a Lugo xa no 1.932 onde participa na fundación do partido Galeguista. Pronto destacou sendo nomeado secretario de cultura.



Participa en Santiago no Estatuto de Autonomía de Galicia.



Ao comezar a Guerra Civil, en xullo de 1936, non lle queda outra que ir á fronte e loitar no bando nacional.

Cando rematou a guerra comezou a estudar Filosofía e Letras en Santiago, pero logo abandona os estudos. Ponse en contacto coa oposición ao franquismo, sendo un dos seus compoñentes máis convencidos. É designado como representante galego para tratar co goberno republicano exiliado en Francia.



Ao regreso foi detido no 1.946 para ser condenado a tres anos de cárcere.




Ao rematar o castigo decide ficar en Santiago co propósito de loitar sempre coa cultura como bandeira, prescindindo da opción política.

Dende *Galaxia*, a primeira iniciativa editorial galeguista de posguerra, e dende a revista *Grial* dedícase a promocionar e difundir a cultura galega.



A súa breve produción ensaística ten como punto de partida o pensamento filosófico. No ano 1967 ingresa na Real Academia da lingua Galega cun discurso titulado "A lingoaxe e as línguas"

É autor dunha importante cantidade de escritos, sobre política, literatura e creación artística:  
 "Olladas no futuro"  
 "Significado metafísico da saudade"  
 "Pra unha filosofía da saudade"  
 "A saudade de Rosalía"...



Morre aínda novo, despois dunha grave enfermidade.

No ano 2009 adícaselle o día das Letras Galegas en recoñecemento, tanto polo seu mérito literario como por o compromiso con Galiza que o guiou sempre.

